



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org    correo@cerdido.es



**Expediente núm.:** 2025/G014/000001

**Procedemento:** Modificación de Ordenanza Municipal Reguladora

**Asunto:** Modificación de Ordenanza Municipal Reguladora Das actividades extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido

## **ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA**

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza Municipal Reguladora Das actividades extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **VINTE DÍAS** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden</b>	<i>Protección do patrimonio público e do medio</i>
-----------------------------------	--



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org    correo@cerdido.es



<b>solucionar coa iniciativa</b>	<i>ambiente, e mellora da seguridade cidadá.</i>
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>	<i>A tala e extracción de madeira é unha actividade constante no noso Concello. A ordenanza que se pretende modificar, non foi revisada en mais de dez anos</i>
<b>Obxectivos da norma</b>	<i>Principalmente; que por parte da administración local se coñeza en todo momento os lugares do concello de Cerdido no que se están a realizar as tarefas de tala e extracción de madeira, a fin de tomar as medidas de seguridade pertinentes. Tamén establecer fianzas adecuadas para que as persoas responsables da tala fagan fronte, de ser o caso, aos danos ocasionados pola actividade.</i>
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	<i>Resulta preciso modificar a Ordenanza respecto aos importes das fianzas para adaptalas aos novos custes materiais e profesionais, toda vez que a mesma non se modificou nos últimos once anos</i>